CO300C

Subvencións para o impulso da innovación e sostibilidade do comercio local e artesanal

Procedemento dirixido a: Empresas e profesionais

Convocatoria 2026 - Próxima apertura: 16/01/2026 09:00 - 16/02/2026 20:00

Apoio ao comercio

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Sobre o procedemento

Obxecto

impulsar a dixitalización, innovación, modernización e sostibilidade ambiental do comercio local e artesanal

A quen vai dirixido?

As persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas.

A onde acudir

Xunta de Galicia Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Dirección Xeral de Comercio e Consumo
Subdirección Xeral de Artesanía, Entidades e Promoción Comercial
Servizo de Promoción Comercial e da Artesanía

Complexo Administrativo de San Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Teléfono: 981545419/981545599/881995529

Email: dxc.axudas.comercio@xunta.gal

Órgano responsable

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Requisitos e documentación

Prazo

Prazo de presentación: PECHADO

16/01/2026 09:00 - 16/02/2026 20:00

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde as 9.00 horas do día 16 de xaneiro de 2026. O último día de presentación de solicitudes finalizará ás 20.00 horas

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Requisitos

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nas persoas solicitantes non concorra algunha das circunstancias previstas no artigo10 da Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que, en todo caso, cumpran ademais os seguintes requisitos:

1. Comerciantes retallistas:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na Comunidade Autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

b)Que, teñan a condición de peme conforme o establecido no Regulamento (UE) nº651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE núm. 187, do 26 de xuño). Para a consideración de peme observarase o disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE núm. L 124/36, do 20 de maio)

c) Que, tendo a consideración de peme, teñan un número de persoas empregadas igual ou inferior a dez, incluídas as persoas en situación de autoemprego, no establecemento comercial para o cal se solicita a subvención.

d) Que a actuación para a cal se solicita subvención se corresponda:

1º. Co obxecto social que figura nas escrituras, acta ou documento de constitución.

2º. Coa actividade principal do establecemento indicado na solicitude. Esta actividade deberá estar encadrada nalgunha das epígrafes relacionadas nos anexos II e III.

No caso de que a actividade subvencionable se corresponda cunha actividade das epígrafes relacionadas no anexo III, tamén deberá estar dado de alta nalgunha actividade comercial relacionada no anexo II.

e) Que desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 300 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre na epígrafe 653.1 do IAE.

2. Obradoiros artesáns:

Que estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. En caso de novos obradoiros, poderán solicitar a inscrición no dito rexistro ata o mesmo día en que presenten a solicitude de subvención.

3.Non poderán ser beneficiarias destas axudas :

- As empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo2, número 18, do Regulamento (CE) nº651/2014, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26.6.2014, L 187/1).

- No caso dos comerciantes retallistas, tampouco poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que fosen beneficiarios na convocatoria anterior do procedemento CO300C para o mesmo establecemento comercial.

Exceptúanse do establecido no punto anterior e poderán ser beneficiarios os comercios retallistas para aqueles supostos en que, pola natureza da actuación, non sexa susceptible a súa conservación, concretamente:

– As actuacións de implantación, mantemento e actualización da dixitalización do artigo4.2 (con excepción das alíneas b), k) e l).

– As actuacións da liña de sustentabilidade ambiental.

Documentación para a presentación

Solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

2.De conformidade co artigo68.4 da Lei39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

Documentación complementaria.

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo V, a seguinte documentación:

a) Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados, de ser o caso. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

b) Documento acreditativo de poder bastante para actuar ante a Administración da persoa representante legal da persoa solicitante ou poderá achegar, debidamente cuberto e asinado, o modelo de representación para procedementos ante a Xunta de Galicia que figura na sede electrónica.

c) Declaración responsable, segundo o anexo VI, no caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, en que deberán constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias; farase constar unha persoa representante única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar os documentos preceptivos co obxecto de efectuar as comprobacións oportunas. De non cumprir co asinado na declaración responsable, iniciarase o expediente de reintegro da subvención concedida de acordo co disposto na Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Informe emitido pola Seguridade Social de todos os códigos de conta de cotización da persoa solicitante en que figure o número de persoas traballadoras con posterioridade á data de publicación desta orde no DOG ou acreditación de non estar inscrito/a.

e) No caso de solicitar a liña de modernización, fotografías do establecemento comercial antes da realización das actuacións subvencionadas (obras, substitución de portas, de sistemas de iluminación e climatización, rótulos, equipamentos que se substitúen etc.).

f) No caso de solicitar as actuacións recollidas na alínea b) ou no caso de obras da alínea a), da liña de modernización comercial (artigo4.3), plano onde se mostre o estado e imaxe do local antes da realización da obras.

2. De conformidade co artigo28.3 da Lei39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa representante.

d) NIF da entidade representante.

e) Imposto de actividades económicas.

f) Certificado de estar ao día no pagamento coa AEAT para subvencións e axudas.

g) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

h) Certificado de estar ao día no pagamento coa Comunidade Autónoma de Galicia para percibir axudas e subvencións.

i) Consulta de concesións de subvenciones e axudas.

j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

k) Consulta de concesións pola regra deminimis.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos pertinentes. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa solicitante ou persoa representante para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Trámites administrativos posteriores.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuadas electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Anexos asociados

Fase de solicitude

- Modelo de cartel horizontal
- Instruccións cartel
- Modelo de cartel vertical
- Logo comercio galego
- Identidade corporativa
- Declaración-compromiso (Anexo VI)

Despois de presentar

Resolución

Prazo de resolución:

Catro meses

Sentido do silencio:

Negativo

Anexos asociados

Fase de xustificación

- Documentación Xustificativa do investimento realizado e solicitude de pagamento (Anexo VII)
- Declaración responsable da existencia dun sistema de contabilidade separada ou código contable apropiado para os gastos imputados ao proxecto financiado (Anexo IX)
- Declaración da composición do material subvencionado (Anexo VIII)

Unha vez presentado este trámite pode consultar o seu expediente en "A miña sede"

Normativa

Normativa

- **ÁmbitoAutonómico**
  - Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 04 do 08 de xaneiro de 2026).

    Ligazón á normativa

  - Extracto da Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e

artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 04 do 08 de xaneiro de 2026).

Ligazón á normativa

- Corrección de Erros. Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 06 do 12 de Xaneiro de 2026).

  Ligazón á normativa

- Corrección de Erros. Extracto da Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG nº 06 do 12 de Xaneiro de 2026).

  Ligazón á normativa